

## RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE FAN PÚBLICAS AS LISTAS DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS, DE AGARDA E EXCLUÍDAS DO PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE DECEMBRO DAS ESCOLAS INFANTÍS DEPENDENTES DESTA ENTIDADE PARA O CURSO 2017/18

O artigo 7.C) do Regulamento de réxime interior das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio establece que é competencia dos Consellos escolares a aprobación da adxudicación de prazas.

Así mesmo, o artigo 8.A) do citado Regulamento determina que a dita competencia será ostentada pola Comisión mixta Consorcio – Concello cando non estea constituído o Consello Escolar.

Pola súa parte, será a Comisión de baremación intercentros quen proceda á aprobación da adxudicación de prazas no caso de aqueles concellos onde se oferten prazas en máis dunha escola, segundo determina o artigo 8.B) do Regulamento.

Por todo o exposto, e en virtude da competencia que me confire o artigo 18 do Regulamento de réxime interior, RESOLVO

1. Facer públicas as listas definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas do procedemento extraordinario de decembro das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso escolar 2017/18, por tramos de idade e orde de puntuación, segundo o anexo I desta resolución.
2. Establecer a apertura do prazo de matrícula, que terá lugar entre os días 18 e o 24 de xaneiro de 2018 ambos os dous incluídos. A matrícula formalizarase presencialmente na escola infantil no horario que así determine o centro.
3. A non formalización da matrícula no prazo sinalado implicará ter por decaída a solicitude, de conformidade co previsto no artigo 19.4 do Regulamento de réxime interno das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Santiago de Compostela, a 17 de xaneiro de 2018

Perfecto Rodríguez Muíños  
Xerente do Consorcio Galego de  
Servizos de Igualdade e Benestar

